

érase unha vez un concello de lugo que multaba a centros sociais e asociacións...
(basado en feitos reais)

Mercedes, cámbiolle a blusa pola bufanda

Centro social
A Hedreira



intercambiando roupa durante un mercadinho no centro social (auto-xestionado)

miau, miau



aparece un policía, "hola señoras, van a ser ustedes multadas con 600€"

~ FIN ~

érase unha vez un concello de lugo que multaba a centros sociais e asociacións...
(basado en feitos reais)

Mercedes, cámbiolle a blusa pola bufanda

Centro social
A Hedreira



intercambiando roupa durante un mercadinho no centro social (auto-xestionado)

miau, miau



aparece un policía, "hola señoras, van a ser ustedes multadas con 600€"

~ FIN ~

lumenovo na contorna Fontiñas-Conservatorio ano 2022



Moitas persoas (incluídxx concelleirxs) disfrutaban do Lumenovo (San Xoán), sen ánimo de lucro, con moito pulcro. Bailan arredor da fogueira e sáltana celebrando o solsticio do verán, para ter a sorte da súa man. Moitos anos levan facendo esta festa co traballo voluntario, non cobran, pero son felices e comen... sardiñas (e máis cousas). Ata que aparece a policía: "ustedes tienen una barra y nosotros la "Ley Mordaza", así que les sancionamos con 300 euros por celebrarlo en la plaza". Seguiron bailando, comendo e bebendo, pero con 300 euros menos e a carteira tremendo.

~ FIN ~

lumenovo na contorna Fontiñas-Conservatorio ano 2022



Moitas persoas (incluídxx concelleirxs) disfrutaban do Lumenovo (San Xoán), sen ánimo de lucro, con moito pulcro. Bailan arredor da fogueira e sáltana celebrando o solsticio do verán, para ter a sorte da súa man. Moitos anos levan facendo esta festa co traballo voluntario, non cobran, pero son felices e comen... sardiñas (e máis cousas). Ata que aparece a policía: "ustedes tienen una barra y nosotros la "Ley Mordaza", así que les sancionamos con 300 euros por celebrarlo en la plaza". Seguiron bailando, comendo e bebendo, pero con 300 euros menos e a carteira tremendo.

~ FIN ~

quen somos?

Somos diferentes colectivos, asociacións e centros sociais autoxestionados de Lugo que con distintos obxectivos, propósitos, e maneiras de funcionamento facemos innumerables actividades e obradoiros fóra das lóxicas do lucro e o mercado, de xeito altruísta, solidario, dende a convicción e a satisfacción, e que teñen un valor cultural, social e político incalculable.

que aconteceu?

sanción - mercadinho
de troco de 600,01€

O centro social autoxestionado A Hedreira recibiu unha sanción de 600,01€ por organizar un mercadinho de troco no interior do local, do cal non extrae ningún beneficio económico, e que pode ascender ata os 30.050,61€ e un ano de peche do centro social, aplicando a lei autonómica de "emprendemento e competitividade económica" (como se fose un negocio).

sanción - lumenovo '22
de 300€

A Rede Asociativa foi sancionada con 300€ por organizar o Lumenovo '22 (San Xoán), malia comunicar a fogueira ao Concello (como sempre). A sanción foi por "venta ambulante" en base á 'Lei Mordaza' ao dispoñer dunha barra para consumicións, no contexto dunhas festas populares e que se fan con voluntarixs e sen retribución nin axuda algunha.

Información completa en:
<https://n9.cl/3c9yi>



a deriva...

Isto sería inimaxinable décadas atrás, pero nos últimos tempos as redes populares e veciñais están sendo acoutadas mediante unha regulación cada vez máis constrinxente chea de marañas burocráticas e cun custo económico inasumible. A isto súmase en ocasións o afán persecutorio, sobretudo da Policía Local, mentres son moito máis laxos noutras situacións. A consecuencia será que as asociacións e centros sociais autoxestionados desaparezan para que todo sexa xestionado por empresas, normalmente grandes, como xa acontece co Gustavo Freire e O Vello Cárcere, centros sociais do Concello cunha xestión privatizada, malia existir un *gobierno progresista* PSOE-BNG; o mesmo que asinou as sancións e que non se pronunciou ao respecto.

[Podes amosar o teu apoio asinando dentro da web no cadro de "comentario"](#)

quen somos?

Somos diferentes colectivos, asociacións e centros sociais autoxestionados de Lugo que con distintos obxectivos, propósitos, e maneiras de funcionamento facemos innumerables actividades e obradoiros fóra das lóxicas do lucro e o mercado, de xeito altruísta, solidario, dende a convicción e a satisfacción, e que teñen un valor cultural, social e político incalculable.

que aconteceu?

sanción - mercadinho
de troco de 600,01€

O centro social autoxestionado A Hedreira recibiu unha sanción de 600,01€ por organizar un mercadinho de troco no interior do local, do cal non extrae ningún beneficio económico, e que pode ascender ata os 30.050,61€ e un ano de peche do centro social, aplicando a lei autonómica de "emprendemento e competitividade económica" (como se fose un negocio).

sanción - lumenovo '22
de 300€

A Rede Asociativa foi sancionada con 300€ por organizar o Lumenovo '22 (San Xoán), malia comunicar a fogueira ao Concello (como sempre). A sanción foi por "venta ambulante" en base á 'Lei Mordaza' ao dispoñer dunha barra para consumicións, no contexto dunhas festas populares e que se fan con voluntarixs e sen retribución nin axuda algunha.

Información completa en:
<https://n9.cl/3c9yi>



a deriva...

Isto sería inimaxinable décadas atrás, pero nos últimos tempos as redes populares e veciñais están sendo acoutadas mediante unha regulación cada vez máis constrinxente chea de marañas burocráticas e cun custo económico inasumible. A isto súmase en ocasións o afán persecutorio, sobretudo da Policía Local, mentres son moito máis laxos noutras situacións. A consecuencia será que as asociacións e centros sociais autoxestionados desaparezan para que todo sexa xestionado por empresas, normalmente grandes, como xa acontece co Gustavo Freire e O Vello Cárcere, centros sociais do Concello cunha xestión privatizada, malia existir un *gobierno progresista* PSOE-BNG; o mesmo que asinou as sancións e que non se pronunciou ao respecto.

[Podes amosar o teu apoio asinando dentro da web no cadro de "comentario"](#)